

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA CONSTITÚE DOUS COMITÉES PARA A TERAPIA CAR-T

- Están representados profesionais de case unha decena de servizos hospitalarios
- Os CAR-T son "ferramenta médica que marca un antes e un despois na medicina", subliña o xefe do servizo de Hematoloxía

Santiago, 4 de novembro de 2021.- "Hoxe é un día importante" para os doentes onco-hematolóxicos subliña Juan Carlos Vallejo o xefe do Servizo de Hematoloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela, xa que esta mañá constituíronse senllos comités para poder ofrecer as terapias CART-T con todas os estándares de calidade e multidisciplinabilidade necesarios.

Así, esta mañá conformouse o *Comité clínico-patolóxico CAR-T*, cuxa presidenta é Dolores Vilariño, hematóloga e o anatomopatólogo Máximo Fraga como secretario. Mentres que a *Unidade multidisciplinar post-terapia CAR-T*, estará presidida polo hematólogo Juan Carlos Vallejo e a neuróloga Purificación Cacabelos exercendo como secretaria.

Cada comité está composto por unha vintena de profesionais, facultativos e de enfermería, de 9 servizos diferentes así como membros da dirección asistencial da xerencia, de calidade, da Fidis e de Galaria.

O CAR-T é unha terapia "moi recente e cun futuro enorme para o tratamento de procesos hemato-oncolóxicos como os linfomas ou certos tipos de leucemia, ou mesmo no futuro para outro tipo de tumores malignos e para entidades non malignas" destaca o doutor Vallejo, e engade "a terapia CAR-T é unha ferramenta médica que marca un antes e un despois na medicina" xa que con este tipo de terapias "empregamos células en vez de fármacos para combater estas entidades, que doutro xeito teñen un pronóstico escuro".

Saúdos,